

## A CATALOGACIÓN URBANÍSTICA DO PATRIMONIO CULTURAL GALEGO

**Carlos Amoedo Souto**

*Catedrático E. U. de Dereito Administrativo. Secretario Xeral. Universidade da Coruña*

Recepción: 15 de maio de 2010

Aceptación polo Consello de Redacción: 8 de xuño de 2010

### **RESUME:**

O presente traballo analiza o rexime xurídico da catalogación urbanística dos elementos dotados de valor cultural, tal e como se regula no dereito autonómico galego. Sinálanse os principais problemas desa regulación, ben como as posibles solucións para lograr unha máis eficaz conservación e promoción do patrimonio cultural.

**Palabras clave:** patrimonio cultural, xestión integrada, instrumentos legais de inventario e protección, urbanismo.

### **ABSTRACT:**

The article poses the legal system of urban stocktaking of Heritage, specially with regard to the Galician experience. The paper underlines the failures of the legal means, and claims for solutions to reach a better and powerful cultural insight of urban planning.

**Keywords:** Heritage, integrated management, legal means of stocktaking and protection, urban planning.



## *A catalogación urbanística do patrimonio cultural galego*

**Sumario:** I. Introducción. II. A dupla regulación e a dupla natureza xurídica dos catálogos urbanísticos. 1. A catalogación na lexislación cultural galega. 2. Os catálogos urbanísticos. 3. A convivencia de dúas naturezas xurídicas distintas dos catálogos urbanísticos. III. O entrecruzamiento das técnicas culturais e urbanísticas: integración *ex lege* dos catálogos urbanísticos no inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. Iv. O contido da catalogación urbanística. 1. O contido mínimo da ficha de catálogo. 2. O procedemento de catalogación. 3. A potencial amplitude de obxectos a catalogar. 4. A eficacia normativa da ficha de catálogo. 5. As determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación. 6. A delimitación do ámbito de protección. O problema dos contornos protexidos nos bens inventariados. 7. A indemnizabilidade das limitacións ou vinculacións singulares impostas aos propietarios a través das fichas dos catálogos. V. Nota bibliográfica.

### **I. INTRODUCCIÓN**

A utilización de técnicas urbanísticas para a protección do patrimonio cultural ofrece hoxe en día unha realidade tan complexa como interesante.

Ainda que hai xa ben tempo que o lexislador lle engadiu ao grupo normativo cultural unha segunda liña ou “trancheira”, a urbanística, para protexer o noso patrimonio do desleixo e a destrución, a particular protección derivada dunha das técnicas máis importantes deste ámbito, a inclusión do patrimonio cultural nos catálogos urbanísticos, non sempre ten sido todo o eficaz que sería desexábel.

Perante o variadísimo patrimonio cultural galego, a acción protectora da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non abonda: as carencias en persoal e os baixos recursos orzamentarios provocan que o ritmo de declaración dos bens de interese cultural en perigo sexa moi baixo. Insuficiente, en todo caso, para evitar a perda irreversible de moitos elementos dotados de valor cultural. Por esa razón, a corresponsabilización dos concellos e dos suxeitos privados na correcta identificación e protección do patrimonio resulta fundamental. E máis neste momento, no que están en tramitación múltiples plans xerais de ordenación municipal para adaptarse –xa fora de prazo– á Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural.

Porén, son moitos os problemas que no noso dereito autonómico urbanístico e cultural aparecen pendentes de resolución: un deles é a utilización dos catálogos urbanísticos como técnica de inventario e protección.

Na práctica, os nosos concellos non sempre catalogan correctamente todo o seu patrimonio cultural, nin adoptan unha política transversal, que sexa quen de situar estratexicamente en primeiro plano a protección e promoción do seu patrimonio

cultural. O patrimonio xa catalogado é decote obxecto de desleixo e desprotección polos propios concellos perante a presión urbanística: con frecuencia, os propietarios séntense incómodos coas cargas inherentes á inclusión no catálogo, e non son conscientes nin do valor propiamente cultural, nin da potencialidade económica que eses bens posúen. Isto, unido á presión dos promotores –“la gallina de los huevos de cemento”, na expresión de Ramón MARTÍN MATEO–, leva a que os concellos pretendan descatalogar elementos protexidos para así conceder licenzas de derribo e posterior reedificación sobre o solar.

O presente traballo pretende abordar os problemas xurídicos suscitados polos catálogos urbanísticos no dereito autonómico galego, ofrecendo algunhas solucións na procura dunha máis eficaz protección do patrimonio cultural do noso país.

## II. A DUPLA REGULACIÓN E A DUPLA NATUREZA XURÍDICA DOS CATÁLOGOS URBANÍSTICOS

A regulación xurídica dos catálogos urbanísticos é un fenómeno recente, que cabe remontar ao Texto Refundido da Lei do Solo de 9 de abril de 1976 e o Regulamento de Planeamento ditado ao seu abeiro (Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño), vixente aínda no noso país polos coñecidos avatares xurídicos sufridos no ámbito urbanístico a partir da STC 61/1997, de 20 de marzo.

O primeiro precatálogo urbanístico galego foi elaborado en Oleiros en 1979, tras as primeiras eleccións municipais democráticas; 12 anos depois, o primeiro catálogo supramunicipal galego de patrimonio cultural foi introducido nas Normas Subsidiarias e Complementarias das catro provincias galegas aprobadas pola Xunta en 1991<sup>1</sup>, aínda vixentes.

Dentro do conxunto das técnicas de planeamento urbanístico, os catálogos non son senón a expresión documental final dun proceso técnico-sistemático de análise e identificación dos elementos dotados de valor cultural dentro do territorio municipal. Mais, para alén da súa función técnica meramente documental, os catálogos adquiriron hoxendía unha natureza xurídica moito máis rica, definida tanto na lexislación cultural como na lexislación urbanística. Dupla face que testemuña os sedimentos histórico-legais que caracteriza a súa evolución<sup>2</sup>.

---

1 As normas complementares e subsidiarias de planeamento das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra foron aprobadas por Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas de 3 de abril de 1991, publicada no DOG nº 72, do 16 de abril de 1991. O texto íntegro das normas foi publicado nos DOG nº 116, do 19 de xuño, nº 117, do 20 de xuño, nº 132, do 11 de xullo, nº 133 do 12 de xullo, nº 134 do 15 de xullo, e DOG nº 135, do 16 de xullo. As correccións de erros foron publicadas nos DOG nº 142, do 26 de xullo, e nº 193, do 7 de outubro. Así e todo, o mérito político da aprobación das primeiras normas subsidiarias e complementarias en Galiza hai que atribuírlo ao goberno tripartito (1987-1989), que aprobou, estando xa en funcións, a Orde de 26 de decembro de 1989 (DOG de 29 de decembro).

2 A primeira norma que fai referencia á catalogación de bens imóbeis con finalidades

## 1. A catalogación na lexislación cultural galega

Na lexislación cultural, os catálogos urbanísticos son mencionados como documentos obrigatorios que axudan a concretar, elemento a elemento, as determinacións sustantivas dos planeamentos especiais que deben recaer sobre os conxuntos históricos declarados.

- O artigo 21.1 da Lei 16/1985, de patrimonio histórico español (en diante LPHE) establece que *“Nos instrumentos de planeamento relativos a Conxuntos Históricos realizarase a catalogación segundo o disposto na lexislación urbanística, dos elementos unitarios que conforman o conxunto, tanto inmobles edificados como espazos libres exteriores ou interiores, ou outras estruturas significativas, así como dos componentes naturais que o acompañan, definindo os tipos de intervención posible. Aos elementos singulares se lles dispensará unha protección integral. Para o resto de elementos se fixará, en cada caso, un nivel axeitado de protección”*.
- Desenvolvendo esta perspectiva, o artigo 46.3 da nosa Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galiza (en diante, LPCG) contempla que o plan especial de protección dos conxuntos históricos *“Conterá un catálogo exhaustivo de todos os elementos que conforman o conxunto histórico, incluídos aqueles de carácter ambiental, sinalados con precisión nun plano topográfico, naqueles casos en onde fose preciso”*.

Non deben, contodo, confundirse estes catálogos cos bens inmóbeis incorporados ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, previsto no artigo 17 da LPCG, dos que se pode dicir, con toda propiedade, que se trata de bens “catalogados”, no sentido de son aqueles bens do patrimonio cultural galego que, sen chegar pola súa importancia a seren declarados de interese cultural, posúen especial singularidade, de acordo co establecido no artigo 1.3 da LPCG, e foron expresamente incluídos, tras o correspondente procedemento, no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia.

Este “catálogo do patrimonio cultural de Galicia” do artigo 17 LPCG é un instrumento ou categoría de protección propiamente cultural, creado pola propia LPCG para dotar de protección aos bens móbeis, inmóbeis e inmateriais incluídos no mesmo, e con fins de investigación, consulta e difusión. Dito catálogo, no relativo aos bens inmóbeis, incluírá a regulación do rexime de protección previsto nesta lei. A inclusión – e tamén a exclusión – dun ben neste catálogo obriga a tramitar un procedemento previsto no artigo 18 da LPCG<sup>3</sup>. A protección dos bens inmóbeis integrantes deste catálogo é a prevista no artigo 52 da LPCG:

---

protectoras é a *Instrucción de 26 de marzo de 1802 sobre el modo de recoger y conservar los monumentos antiguos, que se descubran en el Reyno, baxo la inspección de la Real Academia de la Historia*. Desde entón, a descrición e catalogación dos monumentos ten sufrido moi diversos avatares, cuxa evolución normativa é exposta por María Rosario ALONSO IBÁÑEZ, 2005, pp. 25 ss. Un repaso da evolución das relacións entre o patrimonio cultural e o urbanismo en Galiza, en Carlos AMOEDO SOUTO, 2007: 63 e ss.

3 Conforme ao artigo 19, o expediente de inclusión dun ben no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia recollerá polo menos:

- a. A descrición do ben que facilite a súa correcta identificación, e en caso dun ben inmó-

Artigo 52. Da protección dos bens inmóbeis catalogados.

1. Os bens inmóbeis catalogados, así como o seu contorno, gozarán da protección prevista no artigo 17 da presente lei a través do correspondente catálogo, ao que haberá de se axustar a planificación territorial ou urbanística. A súa aprobación precisará o informe favorábel e vinculante da Consellería de Cultura.
2. Calquera intervención nun ben inmóbel catalogado e no seu contorno precisará a autorización previa da Consellería de Cultura. No caso de se tratar dun conxunto histórico con plano especial de protección, rexerá para o contorno o establecido no artigo 47.2 da presente lei.
3. A Consellería de Cultura poderá suspender cautelarmente calquera obra ou intervención non autorizada nun ben inmóbel catalogado para o cumprimento dos fins previstos na presente lei.

Porén, debe advertirse que esta categoría de protección, a dos bens catalogados, non ten sido nunca utilizada. Quince anos depois da entrada en vigor da Lei 8/1995, carecemos de bens inscritos neste segundo nivel de protección. O artigo 1.4 da Lei 3/1996, de protección dos Camiños de Santiago, ten previsto que estes camiños, unha vez rematado os procedementos de delimitación, pasen a ter a protección que a LPCG lle outorga aos bens catalogados. Se durante esta lexislatura se rematan os procedementos de delimitación dos camiños abertos na pasada lexislatura 2005-2009, quizá podamos ver por fin inaugurada a categoría dos bens catalogados do patrimonio cultural galego.

## 2. Os catálogos urbanísticos

Na lexislación urbanística, o artigo 61 h) da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural (en diante, LOUGA) establece que será documentación necesaria do Plan Xeral o “*catálogo de elementos a protexer ou recuperar*”, remitíndose ao contido que se estableza regulamentariamente; contido regulamentario non é outro que o previsto no artigo 86 do regulamento de planeamento de 1978 (en diante, RP)<sup>4</sup>.

---

bel, ademais de todos aqueles elementos que o integran, o contorno afectado, considerado como un territorio graficamente delimitado no que os elementos xeográficos e naturais tamén gozarán de protección.

- b. A determinación da compatibilidade do uso coa correcta conservación do ben catalogado.

4 Segundo ese artigo 86:

*“1. Los Catálogos son documentos complementarios de las determinaciones de los Planes Especiales, en los que se contendrán relaciones de los monumentos, jardines, parques naturales o paisajes que, por sus singulares valores o características, hayan de ser objeto de una especial protección.*

*2. Sin perjuicio de las medidas de protección que los Planes Generales o Normas Subsidiarias establezcan, se podrán incluir en Catálogos relaciones de bienes concretos que, situados, en cualquier tipo de suelo, deban ser objeto de conservación o mejora.*

*3. La aprobación de Catálogos complementarios de las determinaciones de Planes Especiales o, en su caso, de los Planes Generales o Normas Subsidiarias se efectuará simultáneamente con la de éstos”.*

A continuación, o artigo 75 da propia LOUGA engádenos algunhas definicións e determinacións máis concretas, aplicábeis non só ao catálogo de Plan Xeral, senón – repárese– a calquer outra figura de planeamento, que configuran así o contido, finalidade e natureza dos catálogos:

1. Os catálogos son instrumentos complementarios dos plans cuxo obxecto é identificar as construcións, recintos, xardíns, monumentos, inmobles ou outros elementos que, polos seus singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos, se estime conveniente conservar, mellorar ou recuperar.
2. Os instrumentos de plan conterán obrigatoriamente un catálogo no que se identificarán os núcleos rurais, inmobles, construcións, instalacións ou outros elementos existentes de carácter tradicional en chan rústico, ou conxuntos destes, que merezan ser obxecto de especial protección en razón aos seus valores culturais, históricos, artísticos, arqueolóxicos ou etnográficos, tales como vivendas, hórreos, fontes, cruceiros, muíños, pazos, igrexas, pontes, xacementos arqueolóxicos e outros.
3. O plan deberá de contemplar as medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural dos bens incluídos no catálogo.
4. O catálogo conterá unha ficha individualizada de cada elemento catalogado na que se recollerán, como mínimo, os seus datos identificativos, localización e delimitación do seu ámbito de protección, descrición gráfica das súas características construtivas, estado de conservación e determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.

Desta definición positiva convén tirar as seguintes consecuencias:

- Os catálogos non son configurados como simples documentos, senón como “*instrumentos complementarios dos plans*”, o cal apunta a un contido normativo, e non puramente informativo ou descritivo da realidade física sometida a planificación urbana.
- O seu obxecto non recae apenas sobre “construcións”, senón sobre os “elementos” dotados de singulares características ou valores culturais, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. Termo éste máis amplo, que permite, por exemplo, catalogar lugares vinculados á celebración de romarías, ritos, festas populares ou feiras tradicionais (o que coñecemos hoxe como patrimonio etnográfico); paisaxes, núcleos rurais, etc. Estes elementos poden ser individuais ou integrar un “conxunto”, ou sexa, unha agrupación dotada de homoxeneidade tipolóxica ou xeográfica, pero que non debe confundirse coa figura do “conxunto histórico” da lexislación cultural.

- A catalogación recae sobre eses elementos con independencia da natureza do solo no que se encravan.
- A finalidade da catalogación non é só a conservación, senón que tamén pode consistir na mellora e recuperación deses bens. O catálogo non é unha foto fixa, senón que debe conter unha secuencia, unha planificación do destino do ben.
- As medidas necesarias para a protección, conservación, recuperación e aproveitamento social e cultural deberán incluírse no plan, normalmente a nivel de ordenanza específica.
- Porén, o nivel de protección e as determinacións específicas de cada elemento deben figurar na ficha de catálogo.
- Como toda potestade discrecionaria, a catalogación conleva un procedemento de singularización cuxo resultado está sometido ás técnicas de control que lle son propias: control dos feitos determinantes, proporcionalidade, motivación, interdicción da arbitrariedade. Por esa razón, na elaboración do catálogo, as memorias configúranse como elementos esenciais de plasmación da motivación cultural – os valores culturais – que en cada caso aconsellen unha determinada protección ou, específicas medidas de recuperación.

### 3. A convivencia de dúas naturezas xurídicas distintas dos catálogos urbanísticos

Á vista da anterior descrición, pode entenderse que na actualidade os catálogos urbanísticos combinen dúas naturezas xurídicas, dando lugar a unha tensión xeradora de inseguridade xurídica:

a) Por unha banda, son documentos complementares dos planos urbanísticos (normalmente, plans xerais e plans especiais, e normas subsidiarias ou complementarias) que axudan a precisar e individualizar máis plenamente as súas determinacións normativas.

Esta é a función adxectiva ou descritiva tradicional, que se plasma arquetipicamente no artigo 25 do TRLS de 1976<sup>5</sup>, e na lexislación cultural. Neste sentido, o Tribunal Supremo

---

5 Un exemplo desta concepción pode verse resumido na Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 30 de novembro de 2000 (RX 2000/2407). A esta dualidade referíase así a STS de 12 de xullo de 1985 (RX 1985/5092): “*debe partirse de una realidad insoslayable; la de una desacertada, deficiente e incoherente regulación normativa de esta figura de los «Catálogos», puesto que tan pronto se los considera como una pieza complementaria de los Planes -arts. 25 y 55 de la Ley del Suelo, art. 86 del Reglamento de Planeamiento-, como se les equipara a los Planes a distintos efectos (arts. 44, 56 y 59 de la Ley del Suelo, art. 149 del citado Reglamento), lo que ha dado motivo a que se llegue a clasificarlos en las categorías de Catálogos independientes y Catálogos complementarios.(...)Que estas deficiencias normativas obligan a los Tribunales, y sobre todo al nuestro, a una labor de clarificación de las*



ten manifestado a obrigatoriedade da existencia dun catálogo para poder aprobar un Plan Especial protector<sup>6</sup>. Isto é, os catálogos, pese a ser complementarios, son documentos necesarios para a correcta aprobación dun Plan, pero segundo a doutrina maioritaria (Jesús González Pérez, Eduardo García de Enterría, ou Grau Ávila) non serían instrumentos de ordenación en sentido propio.

b) Frente á anterior interpretación, téndese a recoñecer nos catálogos verdadeiros instrumentos protectores cunha eficacia xurídica de seu (función sustantiva), dado que a súa función non é apenas identificar de maneira individualizada as construcións, recintos, xardíns, monumentos, inmóbeis ou outros elementos que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos, se considere conveniente conservar, mellorar ou recuperar; tamén é a súa función:

- Prescreber os seus límites, contornos, grao de protección e usos concretos, cunha clara natureza e eficacia normativa (publicidade, vixencia indefinida, inderogabilidade singular, impugabilidade indirecta vía artigo 26 LXCA).
- Fornecerlle aos denominados *precatálogos* unha protección cautelar, independente da aprobación final do instrumento planificador (art. 87.2 e 87.3 RP)<sup>7</sup>.

---

*antinomias legales, inevitables en cualquier Ordenamiento, y más en el administrativo, por su profusa producción; pues bien, el análisis clarificador de los distintos preceptos antes citados nos lleva a la convicción de que la distinción entre Catálogos complementarios e independientes, no supone en el ánimo del legislador, en el asunto que aquí nos ocupa, una diversificación de efectos, sino, tan sólo, el hecho formal de una dependencia, o no dependencia, de un Plan previamente aprobado, o en trámite de aprobación”.*

6 Así, STS de 15 de novembro de 1983, RX 1983/6624, que anulou o “*Plan Especial de protección de edificios, conjuntos y elementos urbanos de interés y de las normas de conservación y adaptación de las nuevas edificaciones de Vigo (Pontevedra)*”.

7 “2. *Las Comisiones anotarán con carácter preventivo los bienes catalogables que sean objeto de protección por los Planes en tramitación, desde el momento de la aprobación inicial de éstos, y aquellos otros que sean objeto de las declaraciones reguladas por la legislación del patrimonio histórico-artístico y de espacios naturales protegidos, desde la incoación de los respectivos expedientes.*

3. *Asimismo, las Comisiones Provinciales pueden anotar preventivamente, previo informe favorable de los servicios pertinentes de los Ministerios de Agricultura o de Cultura competentes por razón de la materia, aquellos bienes catalogables que, no estando declarados o protegidos, se encuentren en alguno de los supuestos contemplados en los artículos 18, 19 y 21 a 23 de la Ley del Suelo. Estas anotaciones se promoverán de oficio por las propias Comisiones Provinciales de Urbanismo, o a propuesta de las Corporaciones Locales o Entidades públicas o privadas interesadas, o de particulares. La anotación caducará transcurrido un año sin que se hubiese incoado el procedimiento para formación de un Plan Especial, en el que se recojan las oportunas medidas de protección o para modificar, con ese mismo objeto, el planeamiento existente”.*

- Ademáis, existe unha tendencia no dereito autonómico comparado a extenderlle aos catálogos urbanísticos un rexime xurídico-cultural protector típico<sup>8</sup>.

Como imos ver de seguido, esta dupla natureza xurídica do catálogo urbanístico é fonte de inseguridade xurídica; inseguridade agravada ao interactuar con unha outra dificultade (o entrecruzamento das técnicas culturais e urbanísticas) que da como resultado a potenciación do carácter sustantivo, non meramente adxectivo, do catálogo urbanístico.

### III. O ENTRECRUZAMENTO DAS TÉCNICAS CULTURAIS E URBANÍSTICAS: INTEGRACIÓN *EX LEGE* DOS CATÁLOGOS URBANÍSTICOS NO INVENTARIO XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

O trazo máis salientábel da actual regulación dos catálogos urbanísticos en Galiza é a súa integración *ex lege* no inventario xeral do patrimonio cultural de Galiza.

Unha integración operada por virtude do último inciso da disposición adicional segunda da LPCG, conforme ao cal: “*En virtude desta lei inclúense no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens recollidos nos catálogos das normas complementarias e subsidiarias de planeamento das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, aprobadas pola Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas de 3 de abril de 1991, así como os contidos nos catálogos de calquer outra figura de planeamento*”.

Estamos diante dun cruzamento da lexislación cultural e urbanística que estende unha malla protectora dotada dunha clara potencialidade xurídica<sup>9</sup>:

- Grazas a esta operación normativa, todo ben catalogado polo concello deixa de ser un elemento meramente adxectivo, informativo ou complementario do planeamento, para pasar a gozar do rexime sustantivo propio dos bens culturais inventariados.

---

8 Por exemplo, o artigo 12 da Lei 6/1994, de 15 de outubro, reguladora da actividade urbanística da comunidade valenciana cualifica expresamente o catálogo de bens e espazos protexidos como un instrumento independente de ordenación, pronunciándose no mesmo sentido o artigo 17 da Lei 2/1998, de ordenación do territorio e actividade urbanística de Castela-A Mancha, o artigo 34 da Lei 9/2001, de 17 de xullo, do solo de Madrid, o artigo 31 da Lei 7/2002, de 17 de decembro, de ordenación urbanística de Andalucía, o artigo 48 da Lei Foral 35/2002, de 20 de decembro, de ordenación do territorio e urbanismo de Navarra, ou o artigo 59.2.g) do Decreto Lexislativo 1/2004, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo en Asturias.

9 Opcións “fusionadoras”, aínda que formalmente diversas, se exercitan polos lexisladores autonómicos de Canarias (artigo 15 da Lei 4/1999, do Patrimonio Histórico de Canarias; artigo 9 da Lei 1/2001, de 6 de marzo, de patrimonio cultural de Asturias). Curiosamente, María del Rosario ALONSO IBÁÑEZ non aborda a norma galega na monografía anteriormente citada (vid. en especial pp. 84 ss.).

- De aí se deriva unha atracción do ben cara o ámbito competencial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e, en consecuencia, a proxección dunha perspectiva cautelar ou protectora máis intensa, tendente a evitar a súa alteración e desaparición (artigo 54 da LPCG).
- Así, toda modificación ou exclusión do catálogo por parte dos concellos deberá ser informada favorablemente pola Comisión territorial de Patrimonio Cultural e autorizadas polo director xeral de Patrimonio, sob pena de nulidade. Tal foi o caso polémico do Barrio de Recimil (Ferrol) nos anos 2005-2006.
- Previo o informe favorábel da correspondente Comisión territorial de Patrimonio, e con independencia doutras autorizacións sectoriais, o Director Xeral de Patrimonio Cultural debe autorizar todas as “intervencións” que lles afecten, sexan impulsadas por promotores públicos (unha estrada, un proxecto de incidencia supramunicipal, etc.) ou privados (obras de rehabilitación, demolicións parciais, etc.).
- Inclúese expresamente no concepto de “intervención” –e por tanto non se exclúen da necesaria obtención da autorización autonómica– as obras de conservación ou de pequena entidade, tradicionalmente denominadas como “obras menores”. Este concepto aparece definido polo artigo 195.3 da LOUGA como “*aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten o deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de tódalas clases*”. Expresamente, o último parágrafo deste artigo establece que “*En ningún caso entenderanse como tales [ou sexa, como obra menor] as parcelacións urbanísticas, os muros de contención, as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados e os grandes movementos de terra*”. Unha consecuencia deste rexime é a necesidade de que calquer obra menor que afecte a un ben catalogado debe ser reflectida nun proxecto técnico redixido por técnico competente, nos termos previstos polo artigo 195.4 LOUGA.
- Este rexime xurídico emana directamente da LPCG, polo que é xerárquicamente superior, e por tanto vinculante, respecto do contido normativo acollido nos instrumentos de planificación municipal (ordenanzas). Estes só poderán ampliar, completar ou desenvolver mellor tal rexime, nos termos propios da relación entre lei e regulamento que caracterizan ao noso Dereito Público.

Deste xeito, coexisten dous momentos de control autonómico dos catálogos urbanísticos municipais:

1. Na elaboración do catálogo.

No momento de elaboración do instrumento de planificación ao que complementen, o catálogo debe someterse de maneira preceptiva e vinculante a informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Esta obriga emana tanto do art. 32.4 LPCG como da actual regulación da avaliación ambiental estratéxica á que deben someterse os instrumentos de planificación urbanística (art. 5 da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia).

Neste momento, o labor de supervisión da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural céntrase fundamentalmente en dous aspectos:

- Por un lado, en controlar que se inclúan os elementos xa sometidos a algunha protección (bens recollidos nas Normas Subsidiarias e Complementarias de 1991, xacementos arqueolóxicos, trazas do Camiño de Santiago, etc.), velando por que as exclusións sexan suficientemente motivadas<sup>10</sup>.
- Por outro lado, contrólase tamén a oportunidade e calidade dos catálogos, cando estes optan por utilizar a potestade discrecional de catalogación para someter a protección determinados elementos. Así, supervísase a existencia de valores culturais dignos de protección, a súa correcta descrición e delimitación, a proporcionalidade das medidas de protección, uso e destino, etc. Este labor supervisor é fundamental, pois aínda que a autonomía local lle outorga aos Concellos unha marxe de interpretación discrecional –e por tanto de políticas propias, máis restritivas ou ampliadoras do patrimonio cultural–, a discrecionalidade está sometida por Lei ao control da administración competente no ámbito cultural, que é a Xunta de Galicia, quen pode establecer as recomendacións e medidas correctoras vinculantes necesarias para lograr a óptima conservación do patrimonio cultural en cada caso.

## 2. Na aplicación do catálogo.

No momento da aplicación ou “vida” do catálogo, o Concello deberá someter á autorización da Administración autonómica calquer modificación puntual de fichas de catálogo e, por suposto, a eliminación das mesmas, así como toda intervención en bens catalogados, nos termos que xa van ditos *supra*.

Esta mesma regra aplícase para os bens recollidos nos catálogos das normas subsidiarias e complementarias provinciais aprobadas en 1991, en virtude tamén da dita disposición adicional segunda. A ausencia desa autorización contamina de nulidade calquer licenza concedida polo Concello<sup>11</sup>.

---

10 Vid. neste sentido a importante STS de 27 de abril de 2004 (RX 2004/5438), que afronta os recursos de casación interpostos contra a aprobación do Plan Xeral de Ordenación de Donostia por non ter catalogado o Cerro de San Bartolomé. O Tribunal Supremo rexeita a casación contra a sentenza de instancia, na que se ordenaba a catalogación parcial do Cerro, por entender inmotivada a súa exclusión total, ao abeiro do artigo 46 CE.

11 Vid por exemplo os casos das SS.TS de 10 de febreiro de 1997 (RX 1997/910), ou 28 de abril de 1999 (RX 1999/4086). A STXG nº 51/1999, do 28 de xaneiro (RXCA 1999\76),

Só existe unha excepción a esta regra da necesaria autorización autonómica de intervencións en bens catalogados: os que se inclúen no ámbito de aplicación dun Plan Especial de Protección dun conxunto histórico (artigo 47), se ben o Concello deberá dar conta da licenza á Consellaría no prazo máximo de 10 días. Calquer licenza contraria ao plan especial devén ilegal, nula de pleno dereito, debendo a Consellaría ordenar a demolición ou reconstrución a cargo do Concello que tivese concedido a licenza.

En definitiva, e como conclusións deste apartado, debe insistirse de novo na necesidade dunha mirada conxunta e integrada dos problemas suscitados por unha figura, a do catálogo urbanístico, cuxa regulación camiña confusamente a cabalo entre o grupo normativo cultural e o urbanístico. Esa mirada podería ser abordada no pendente Regulamento de Planeamento en Galiza, mais na miña opinión –sustentada na experiencia, pero tamén no principio de precaución recollido no artigo 46 CE–, a lideranza normativa desa mirada integrada correspóndelle ao órgano con competencia en materia de patrimonio cultural, e ao grupo normativo cultural: debe ser a propia Lei de Patrimonio Cultural a que, ben a nivel legal, ben a nivel regulamentario, estableza con detalle, sistematicamente, a natureza, contidos e rexime protector dos catálogos urbanísticos.

#### IV. O CONTIDO DA CATALOGACIÓN URBANÍSTICA

En que consiste a operación de catalogación urbanística? Fagamos unha análise sistemática.

##### 1. O contido mínimo da ficha de catálogo

O artigo 75 da LOUGA é claro: o catálogo está integrado por *fichas individualizadas de cada elemento catalogado*, que deberán recoller, como mínimo:

- Datos identificativos. Neste punto, debe sinalarse a importancia da correcta denominación do elemento, en especial a toponimia tradicional que poda existir para identificalo.
- Ubicación.
- Delimitación do seu ámbito de protección.
- Descrición gráfica das súas características construtivas. Como orientación, é útil saber que o Anexo do Decreto 232/2008, de 2 de outubro, fala dunha reportaxe fotográfica do conxunto e de detalle, como contido mínimo das fichas de bens inventariados.

---

que anula a licenza municipal de rehabilitación integral e ampliación dun edificio na Rúa García Barbón de Vigo, incluído à sazón no “*Plano especial e catálogo complementar de edificios, conxuntos e elementos a conservar de Vigo*”, por non ter terse solicitado e concedido autorización da administración autonómica.

- Estado de conservación. Igual que no punto anterior, o anexo do Decreto 232/2008, de 2 de outubro, contempla a descrición da situación xurídica do ben: titularidade, outros titulares de dereitos reais, cargas e gravames, etc.
- Determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.

Nótese que, no listado do artigo 75, en ningures se recolle a obriga de documentar a evolución histórica dos elementos singulares, nin tampouco a concreta xustificación motivada dos valores culturais que concorran en cada un. Aspecto este especialmente importante, como veremos, e que pode e debe ser suplido cos criterios establecidos por vía de informe da Dirección Xeral de Patrimonio, dado que todo ben catalogado urbanísticamente é tamén un ben inventariado.

## 2. O procedemento de catalogación

O artigo 149 do RP de 1978 contén a seguinte regra: “*Los Catálogos, cuando no se contuvieran en Planes Generales, Especiales o Normas Complementarias y Subsidiarias del Planeamiento, se tramitarán, aprobarán y publicarán de conformidad con las reglas establecidas al efecto para los Planes Parciales*”.

Trátase dunha regra en realidade dupla:

- Cando os catálogos son documentos complementares, deben acompañar a tramitación do Plan ao que complementan, como un máis dos seus documentos.
- Cando os catálogos se tramiten independentemente, a súa tramitación axustarase á prevista para os Plans Parciais.

Respecto dos efectos da incoación da elaboración do catálogo, hai que dicir que a interpretación tuitiva do patrimonio cultural (art. 46 CE) levou a que a xurisprudencia lle dese efectos xurídicos suspensivos de licenzas ao acordo municipal de someter a información pública o denominado “Precatálogo”, ou catálogo en elaboración. Esta liña iniciouse en Madrid en 1977 e foi corroborada pola STS de 10 de maio de 1982<sup>12</sup>. Este *leading case*, que se sustenta na natureza normativa do precatálogo, iniciou unha liña

---

12 RX 1982/3154.

consolidada, cuxos fitos son as SS.TS de 12 de xullo de 1985<sup>13</sup>, de 20 de novembro de 1997<sup>14</sup> e 6 de maio de 1999<sup>15</sup>, a propósito do Precatálogo do Plan Xeral de León.

### 3. A potencial amplitude de obxectos a catalogar

Como xa vimos, os obxectos catalogábeis caracterízanse pola súa amplitude potencial, como corresponde ao amplo radio semántico do termo “*elemento*”.

Ainda que ás veces o lexislador urbanístico tende a pensar apenas no patrimonio inmaterial construído, da dicción literal do artigo 75 LOUGA se deriva que, ademais de bens inmóbeis ou conxuntos deles (construcións, recintos, xardíns, monumentos, núcleos rurais), poden tamén catalogarse outros elementos “*sempre que polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos, se estime conveniente conservar, mellorar ou recuperar*”. Isto é así porque, en palabras da STS do 4 de decembro de 1995, o catálogo urbanístico ten por obxecto “*la satisfacción del interés público local en la conservación de los instrumentos culturales típicos de una determinada época que por sus peculiares y notables características arquitectónicas y ornamentales integran y recuerdan el ambiente y modo de vida de un tiempo pasado digno de mantener vivo en la conciencia soial de una comunidad determinada*”<sup>16</sup>.

Por iso, é tan posíbel como oportuno que, ademais de catalogar patrimonio inmaterial construído, os catálogos municipais incorporen tamén árbores senlleiras, lagoas, parques, regatos, zonas arqueolóxicas ou paleontolóxicas<sup>17</sup>, camiños tradicionais ou mesmo elementos do patrimonio inmaterial vinculados a elementos físicos (como unha romaría popular vinculada a unha carballeira determinada, unha lenda vinculada a unha fonte, un oficio vinculada a un muíño, unha forma de vida vinculada a unha explotación agraria familiar, etc.). Ábrese aquí unhas amplas e interesantes posibilidades para combinar a

---

13 RX 1985/5086. Di expresivamente esta sentenza: “*Que esta función asignada a los Catálogos, la de fijar, concretar y manifestar los bienes comprendidos en áreas afectadas por una determinada planificación urbanística, merecedores de «una especial protección», como expresan los preceptos que acaban de citarse, nos facilita la clave del problema; porque si los Planes en general permiten, o producen automáticamente, en los supuestos previstos en los apartados 1.º y 3.º del repetido art. 27 de la Ley del Suelo, la suspensión del otorgamiento de licencias de reparcelación de terrenos y edificación, con mucha más razón esta medida cautelar deberá aplicarse cuando la conservación de los bienes merecedores de una protección especial desaparecería, de no operar la suspensión acordada en el acuerdo recurrido, y llevar a cabo el actor el derribo del inmueble, según lo pretendido por él en estas actuaciones*”.

14 RX 1997/8174.

15 RX 1999/3409.

16 RX 1996/682.

17 A problemática da catalogación de zonas arqueolóxicas, cuxa fertilidade adoita dividirse en tres tipoloxías, é específica, normalmente plasmada nun documento denominado “Carta arqueolóxica”. Cabe remitir ao lector ao traballo de Fernando VELASCO STEIGRAD e Antonio MÉNDEZ MADARIAGA (2010: 997-1043).



protección do patrimonio coa configuración dunha boa oferta turística ou deportiva (roteiros de sendeirismo, etc).

Ao noso entender, o único límite é a correcta individualización do elemento a protexer. Neste sentido, debe advertirse dos riscos –ben reais– das catalogacións excesivamente xenéricas. Trátase dunha eiva moi espallada, que afecta a bens culturais de tanta importancia como o Camiño de Santiago<sup>18</sup>, a importantes BICs<sup>19</sup> e a moitos catálogos municipais.

Por exemplo, o vixente en Cambre: o inventario-catálogo das Normas subsidiarias de planeamento de setembro de 1994, cataloga como protexida *toda* a arquitectura popular do termo municipal, mais sen describer en que consista esa tipoloxía construtiva, nin especificar ou individualizar axeitadamente esa arquitectura.

Esta ausencia de precisión ten ominosas consecuencias, pois leva dereitamente á desprotección da arquitectura popular galega na práctica<sup>20</sup>; un patrimonio cultural de incalculábel valor<sup>21</sup> que cae así no esquecemento, no desprezo das súas peculiaridades –mesmo polos propios técnicos municipais<sup>22</sup>–, na nula incentivación –económica e

---

18 Que, case cincuenta anos despois, segue pendente de delimitación en Galiza desde que foi declarado conxunto histórico-artístico mediante Decreto 2.224/1962, de 5 de setembro.

19 Un exemplo rechamante de declaración xenérica excesivamente ampla, que devalúa a eficacia protectora da mesma, é a declaración de BIC – nada máis e nada menos – de toda a comarca eumesa, feita polo Decreto 2234/1971, de 13 de agosto (BOE do 23 de setembro de 1971).

20 Algo que non acontece por exemplo en Cataluña ou Euskadi, onde as masías e os caseiros son obxecto de especial protección urbanística. A casa rural tradicional galega está nunha sorte de limbo xurídico que agrava o seu risco de transformación, deturpación e desaparición.

21 Sobre as transformacións da vivenda unifamiliar rural en Galiza, en especial as derivadas do abandono da actividade agraria tradicional e os correlativos cambios de uso, vid. Plácido LIZANCOS MORA, 2005: 80 e ss. Sobre a arquitectura popular galega, debemos remitirnos a Pedro DE LLANO e Juan RODRÍGUEZ, 2006. *A arquitectura popular en Galicia: razón e construción*, Santiago de Compostela, Edicións Xerais, 2006.

22 Permítaseme relatar aquí a experiencia sufrida polo autor destas liñas, que leva cinco anos intentando obter licenza para a rehabilitación da casa petrucial, sita no concello de Cambre. Unha casa de labranza tradicional ubicada en solo rústico, construída en 1915, cuxa rehabilitación se solicitou en cumprimento do deber de conservación da propiedade en condicións de ornato, salubridade e seguridade. Pois ben, os técnicos do concello insistiron primeiro en que a obra estaba fóra de ordenación, por carecer de licenza a casa levantada en 1915, polo que non se podía dar licenza de obra maior. Tras diversos escritos e avatares, exixíronlle ao proxecto de obra todos e cada un dos requisitos previstos no artigo 41 LOUGA para as obras de nova planta en solo rústico, coa necesaria autorización autonómica: unha exixencia claramente desproporcionada (como, por exemplo, a presentación dun estudo topográfico sobre o impacto visual da obra nun radio de 500 metros), tendo en conta que a obra proposta é unha rehabilitación interior e saneamento dos muros dunha construción tradicional, perfectamente integrada no seu entorno. A casa segue hoxe pendente de autorización autonómica, mentres segue a avanzar a súa deterioración.



normativa– da súa rehabilitación e, ao final, nun alto risco de desaparición, recentemente agravado, aínda por riba, polo lexislador galego.

En efecto, a nova redacción dada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo, ao artigo 26 da LOUGA, autoriza as demolicións “*das edificacións sen valor histórico ou etnográfico, ou o das que téndoo escaso estean en ruína técnica*”, eliminando así as cautelas e criterios conservacionistas previstos na anterior redacción deste precepto<sup>23</sup>, e contrariando –ao noso entender– os criterios básicos de rehabilitación do patrimonio urbanístico construído polos que apostou o Real Decreto Lexislativo 2/2008, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo<sup>24</sup>, e polos que tamén aposta o máis recente Real Decreto-Lei 6/2010, de 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e do emprego<sup>25</sup>, coa previsión dunha dedución do 10% no IRPF polas cantidades investidas na rehabilitación da vivenda habitual, e a ampliación da noción de rehabilitación aos efectos do tipo de gravame do (IVA).

Tamén se pode suscitar o problema da catalogación municipal de paisaxes<sup>26</sup>. Algo relacionado coa expansividade socio-histórica do patrimonio cultural e a propia discrecionalidade que en tal sentido teñen os Concellos para desenvolver as súas políticas protectoras propias, sen esquecer que a propia lexislación local (art. 25.2.e) LRBL) e urbanística contempla a protección do patrimonio construído como unha finalidade propia

---

23 Na anterior redacción só se autorizaba a demolição “*das edificacións de escaso valor histórico ou etnográfico das que, estando en ruína material de acordo coa lexislación urbanística, con evidente perigo para as persoas ou cousas, non sexa viable a súa recuperación total ou parcial*”. Nótese que antes era necesario acreditar na solicitude de licenza de demolição a existencia de dous requisitos fácticos para alén da simples ruína técnica: o perigo evidente para persoas e cousas, e a inviabilidade da súa recuperación. Todo isto desapareceu desde o 21 de abril de 2010, data de entrada en vigor da nova redacción.

24 Conforme ao seu preámbulo, “*...o solo urbano –a cidade xa feita– ten asímesmo un valor ambiental, como creación cultural colectiva que é obxecto dunha permanente recreación, polo que as súas características deben ser expresión da súa natureza e a súa ordenación debe favorecer a súa rehabilitación e fomentar o seu uso*”.

25 BOE nº 89, do 13 de abril.

26 As paisaxes eran unha das categorías de bens susceptibles de individualización a través dos catálogos urbanísticos expresados polo artigo 25 do Texto Refundido da Lei do Solo de 1976, se ben a formación destes catálogos vinculábase á aprobación de Planos Especiais de protección de edificacións ou espazos de interese natural ou cultural (vid. Art. 18 LS 1976). Sobre a eficacia directa das determinacións destes Plans Especiais, mesmo en ausencia de catalogación, vid. STS de 10 de febreiro de 2001 (RX 2001/1735). Hoxe a protección da paisaxe ten unha Lei específica, a Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe. En concreto, o artigo 5.2 establece que “*Os poderes públicos integrarán a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe*”. Ademais, a Lei prevé a elaboración dos denominados “catálogos da paisaxe de Galicia”, así como unhas “Directrices da paisaxe”, aínda non elaboradas.

dos concellos, e a paisaxe aparece identificada claramente como obxecto de protección no Regulamento de Planeamento de 1978.

#### 4. A eficacia normativa da ficha de catálogo

Pese aos filtros a que somete os catálogos o informe preceptivo previo da Dirección Xeral de Patrimonio sobre calquer instrumento de planificación, non é infrecuente que o contido das fichas do catálogo poda resultar contraditorio coas determinacións marcadas polo instrumento normativo de planificación, pola documentación gráfica do Plan, ou mesmo con actos de xestión urbanística (licenzas de obras, derribos, etc.). Tamén pode acontecer que o Plan Xeral non inclúa un determinado ben no catálogo, mais adopte unha medida de protección consistente na calificación do solo no que se encrava como rústico de especial protección<sup>27</sup>.

A xurisprudencia tradicional, seguindo o criterio de especialidade marcado polo artigo 18 da LS de 1976, estima que, en caso de contradición, prevalece o contido da ficha, por ser norma especial fronte á norma xeral do instrumento normativo<sup>28</sup>. O propio artigo 6 da LOUGA establece que “*As dúbidas na interpretación do planeamento urbanístico producidas por imprecisións ou por contradicións entre documentos de igual rango normativo resolveranse tendo en conta os criterios de menor edificabilidade, de maior dotación para espazos públicos e de maior protección ambiental e aplicando o principio xeral de interpretación integrada das normas*”. Neste mesmo sentido, non se pode esquecer a forza normativa superior que presenta o principio reitor da política económica e social previsto no artigo 46 CE: isto é, a resolución dos conflitos que podan surxir entre instrumentos normativos e o contido das fichas do catálogo a favor sempre da conservación do patrimonio. Emanación do principio de precaución tanto máis necesaria canto que calquer desaparición dun ben cultural é irreversible.

Destes criterios se deriva que un edificio incluído nunha ficha de catálogo nunca poderá considerarse incurso polo Plan en situación de fóra de ordenación, pois esta situación legal comporta, en último termo, a vontade de desaparición do edificio, vontade incompatible coa súa catalogación urbanística.

Outra consecuencia da eficacia normativa da ficha de catálogo, tamén derivada do artigo 46 CE, é de orde xurídico-procesal: as impugnacións de licenzas de demolición nas que se discuta a inclusión dun ben no catálogo ou outras cuestións vinculadas á protección de bens de natureza cultural determina a suspensión cautelar da demolición, e mesmo da executividade dun Plan Especial<sup>29</sup>.

---

27 Vid. neste sentido o caso abordado pola STS de 27 de abril de 2004 (RX 2004/3291). Sobre os valores que debe presentar os bens nestes supostos, vid. a STS de 26 de marzo de 2001 (RX 2772) relativa a determinadas previsións do PXOU de Salou, Tarragona.

28 Vid. STSX Asturias do 22 de outubro de 2002 (RXCA 2002/1119).

29 Así se pronuncia a STS de 16 de marzo de 2004 (RX 2004/2276).

A recente Sentenza 871/2009 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, de 30 de xullo de 2009<sup>30</sup>, xulgou a cuestión de ilegalidade plantexada respecto do Catálogo complementario de bens culturais, naturais e paisaxísticos suxeitos a protección do Concello de Lugo, ao considerar unha promotora ilegal a inclusión de dous “chalés” na rúa Ramón Montenegro. No seu día, o xulgado do contencioso-administrativo de instancia, e promotor da cuestión de ilegalidade, constatou a contradición entre o PXOM vixente en Lugo – que consideraba como soar o espazo onde estaban os chalés construídos – e o Catálogo, onde tales chalés estaban incluídos e portanto aparecían dotados da protección de bens inventariados (en concreto con protección non integral). Pois ben, o Xulgado de instancia, por sentenza de 10 de outubro de 2001, deulle preferencia ao Plan, e estimou parcialmente o pedimento do recorrente, que pretendía obter licenza de demolición e obra, ao considerar que o Catálogo era un documento complementario, pero non un instrumento de ordenación. Ademais, consideraba o xuíz que a falta de motivación da inclusión no catálogo non permitía exteriorizar axeitadamente os valores culturais que concorrián nos devanditos chalés, e configuraba unha causa de anulabilidade da denegación de licenza.

A Sala do contencioso-administrativo deulle a razón ao Xulgado, estimando a cuestión de ilegalidade porque *“ante a evidente discrepancia entre as previsións do catálogo e aquelas que recollía o plan con respecto ao espazo en discusión, a sentenza interpretou correcta e debidamente que a catalogación dos edificios non estaba xustificada, polo que había que aterse, en definitiva, á clasificación e cualificación urbanística que efectivamente se lles asignaba aos terreos onde estaban construídos os chalés, que permitía a súa demolición para o correspondente aproveitamento urbanístico desas parcelas”*.

A Sentenza non parece moi acertada, ao noso entender, porque as eventuais contradicións entre instrumentos de planificación debe resolverse sempre conforme ao criterio da maior protección (artigo 6 LOUGA), e porque a inclusión ou exclusión do Catálogo de elementos catalogado non pode realizarse unilateralmente polos concellos – nin debería selo tampouco polo poder xudicial – sen o preceptivo informe e tutela da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, ao abeiro do art. 54 LPCG e disposición adicional segunda, que controle a efectiva presenza ou ausencia de valores culturais nos edificios sometidos a controversia. Descoñecemos se a Sentenza do TSXG foi sometida a casación perante o Tribunal Supremo.

## **5. As determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación**

A ficha de catálogo non se limita a ser unha foto fixa do edificio ou elemento a conservar, senón que debe prever e proxectar cara o futuro as accións que se estimen oportunas do punto de vista patrimonial non só para a súa conservación, senón tamén para a súa recuperación, posta en valor e aproveitamento social conforme ao fin ou destino

---

30 Publicada no DOG nº 69, de 14 de abril de 2010.

que lle é propio ao patrimonio cultural. Por exemplo, regulando que tipo de usos son compatíbeis (comerciais, dotacionais, residenciais).

Nalgúns plans especiais, como o PEPRI da Cidade Vella e Pescadería de A Coruña, contéplase a redacción dun Plan de usos e restauración para o caso de solicitudes de licenza de obras que vaian alén do mero mantemento, conservación, consolidación ou restauración dos edificios con protección monumental. Como frecuentemente a descrición das fichas de catálogo adoecen de pouca información, nestes documentos –que deben informarse preceptivamente pola Dirección Xeral de Patrimonio– debe realizarse un estudo pormenorizado do inmovible desde a perspectiva da avaliación do seu valor cultural, que xustifique as obras a realizar ou a diminución dos requerimentos de protección que determina o Plan Especial por entendelos desproporcionados co valor cultural do inmovible ou non coherentes coa súa conservación<sup>31</sup>.

Normalmente, a tipoloxía de vinculacións e graos de protección proxectados sobre os bens (protección integral, estrutural, ambiental, etc.) determínanse nas ordenanzas ou instrumentos normativos cunha ampla marxe de discrecionalidade. Bótase en falta, sen embargo, que un eventual regulamento galego de planeamento desenvolva con carácter xeral e un suficiente grao de detalle eses niveis xerais de protección e as obras a que pode dar lugar, tal e como fan, por exemplo, os artigos 208 e seguintes do Regulamento de planeamento do Principado de Asturias, aprobado por Decreto 278/2007, de 4 de decembro.

En calquera caso, a concreción deses niveis sobre os bens singulares pode ser controlada mediante as técnicas de control das potestades discrecionales (acaímente aos feitos determinantes, interdicción da arbitrariedade, proporcionalidade, motivación plasmada na Memoria do plan ou no propio catálogo).

Son moitos os pronunciamentos da Sala Terceira do Tribunal Supremo e dos tribunais superiores nos que se controla a discrecionalidade dos concellos á hora de catalogar bens inmóbeis nos seus instrumentos de planeamento. Sobre o control da discrecionalidade na aplicación das potestades de catalogación urbanística, a xurisprudencia clásica foi sentada pola STS de 23 de xaneiro de 1989<sup>32</sup>, na que se estimou a reclamación dos propietarios contra a atribución non suficientemente motivada dunha protección estrutural ao seu edificio. Na STS de 26 de outubro de 1992<sup>33</sup> os propietarios recorrentes reclamaron contra a catalogación dunhas ruínas, e gañaron en parte. A sentenza do Tribunal Superior

---

31 Neste sentido debe lembrarse a controversia suscitada na xurisdición penal da Coruña arredor da demolición da denominada “Casa do Cura”, instada polo propio Arcebispado. Este inmovible estaba incluído no PEPRI, tiña a condición de inventariado e gozaba de protección monumental, a pesar da cal só se conservou a fachada, tras conceder o Concello licenza de demolición no ano 2004. A fachada, no entanto, foi desmontada e posteriormente reconstruída pedra a pedra, contrariando o criterio establecido polo artigo 39 LPCG, feito éste que deu lugar á apertura de dilixencias penais.

32 RX 1989/427, relator: Delgado Barrio.

33 RX 1992/8366.

de Xustiza de Madrid de 6 de xuño de 2003<sup>34</sup>, anulou a atribución de protección integral a un edificio cuxos valores arquitectónicos ou ambientais non eran o suficientemente importantes. A STS de 26 de febreiro de 2003<sup>35</sup> anulou unha catalogación por falta de motivación, mentres que a STS do 27 de abril de 2004<sup>36</sup>, xa citada, obrigou a incluír no catálogo de bens inmóbiles protexidos do plan xeral de Donostia o cerro de San Bartolomeu e os seus edificios, que fora excluído polo equipo redactor do plan. Finalmente, a sentenza da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León de 13 de xaneiro de 2006<sup>37</sup> anulou por falta de motivación unha modificación puntual do Plan Especial do Casco Histórico de León que cambiaba a protección de dous edificios desde a estrutural á ambiental.

Esta importancia da motivación da catalogación obriga a insistir na calidade dos informes técnicos, das fichas individualizadas e das Memorias que acompañan aos catálogos, pois son instrumentos de plasmación da discrecionalidade técnica que acompaña toda decisión de protexer valores culturais no noso Dereito. Esta motivación técnico-cultural e interdisciplinar reflíctese nun plano xeral e noutro concreto. No xeral, a Memoria do catálogo posúe un valor trascendental, porque exterioriza as razóns xustificativas das súas determinacións e configúrase como límite das singulares decisións de catalogación, sendo aplicábel aquí a doutrina xurisprudencial acerca do carácter vinculante da memoria dos planos<sup>38</sup>. Os feitos determinantes e a importancia da proba pericial, no seu caso, son decisivos neste tipo de pleitos.

Para rematar este apartado, advirtamos que, unha vez fixada a ficha individual catálogo e a súa correspondente ordenanza, a obtención de licenzas de obra configúrase xa como unha operación xurídica perfectamente regrada, non discrecional.

## **6. A delimitación do ámbito de protección. O problema dos contornos protexidos nos bens inventariados**

Unha das obrigas que impón o artigo 75 LOUGA é a necesaria delimitación do ámbito de protección do ben, necesidade común a todas as tipoloxías de bens de interese cultural (preámbulo e artigos 36 e 44 LPCG).

Ainda que a ficha debe describer individualizadamente o mesmo, tamén debe delimitar, se procede en cada caso, o ámbito físico ao que se estenden as relacións significativas do ben coa súa contorna e tamén, xa que logo, as cargas de conservación ou rehabilitación en cada caso procedentes. Algo común a todos os bens culturais

---

34 RXCA 2003/1332.

35 RX 2003/2409.

36 RX 2004/5438; relator: Peces Morate.

37 XUR 2006/98567.

38 SSTS de 20 de decembro de 1991 (RX 1992/314), 13 de febreiro de 1992 (RX 1992/2828), 23 de abril de 1998 (RX 1998/3102), 27 de abril de 2004 (RX 2004/5438)

Non hai problema cando esa delimitación se produce. Mais que acontece cando, como é tan frecuente (especialmente nos catálogos contidos nas Normas subsidiarias e complementarias de 1991), a ficha apenas se limita a mencionar o ben en sí, sen introducir ningunha precisión respecto do seu ámbito ou contorno protexido? Debemos interpretar que ese ben non irradia ningún tipo de protección ao seu redor inmediato?

O problema suscítase precisamente porque aos bens catalogados urbanisticamente, encanto –tamén– bens culturais inventariados, se lle debe aplicar o rexime legal dos contornos que é propio destes. Un rexime polémico e nada claro.

Discútese, en efecto, se a protección legal dos bens inmóbeis inventariados se pode estender á súa contorna, dado que a lei, en contraposición ao que acontece cos BIC e os bens catalogados, non a prevé expresamente, dándose a circunstancia, no entanto, de que o artigo 90.e) da LPCG tipifica como infracción leve “*o outorgamento de licenzas municipais sen autorización preceptiva da Consellería de Cultura para obras en bens inventariados, incluído o seu ámbito*”. Isto é, a efectos sancionadores –nos que a tipicidade das infraccións é un elemento tan esencial– recoñécese como infracción típica o outorgamento de licenzas municipais de obra non só nos propios bens inventariados ou catalogados urbanisticamente, senon tamén no seu “*ámbito*”. Pensemos nas obras adxacentes a calquera edificio ou elemento patrimonial catalogado, moi frecuentes na práctica: cal ha de ser ese ámbito no que existe infracción leve?

A cuestión foi abordada no informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia do 21 de febreiro de 2003, relativo ao ámbito de protección dos bens inventariados. Neste informe sinalouse que sempre e cando non exista no respectivo concello un plan xeral de ordenación municipal informado favorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en que se prevexa cal é o ámbito concreto de protección do ben de carácter cultural, seralles de aplicación aos bens inventariados o disposto no artigo 30 das vixentes normas complementarias e subsidiarias de planeamento, aprobadas pola Resolución da COTOP do 14 de maio de 1991, toda vez que estes bens, polos seus valores históricos ou culturais, quedan encadrados na categoría de solo non urbanizábel especialmente protexido. En efecto, as normas complementarias e subsidiarias de plan da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra de 1991 establecen, no seu artigo 4 —“*Aplicación das súas determinacións*”— que, “*en virtude do seu carácter subsidiario, as normas de ámbito provincial serán aplicábeis nos municipios que carezan de plan xeral (plan xeral ou normas subsidiaria municipal)*”, mentres que “*en virtude do seu carácter complementario serán de aplicación para suplir as indeterminacións e lagoas do plan municipal vixente, sen que en ningún caso poida modificar a clasificación do solo, nin alterar as determinacións do plan que complementen*”.

Pois ben, é clave o artigo 18 das normas, o cal, baixo a rúbrica de “*Proteccións*” indica que “*todos aqueles usos ou construcións enumerados no artigo 178 da Lei do solo, que pretendan realizarse dentro das áreas de protección establecidas por estas normas, terán que harmonizar coas características dos elementos patrimoniais ou valores que se traten de protexer. Para tal efecto, a Comisión Provincial de Patrimonio emitirá informe*

*previo á obtención de licenza municipal, que terá carácter vinculante respecto das condicións físicas que sexan requiridas para garantir a devandita harmonización, cando se trate de áreas incluídas na protección do patrimonio”.*

As normas complementarias recollen unha regulación para o solo de núcleo urbano, de núcleo rural, non urbanizábel de núcleo rural, non urbanizábel común e de solo non urbanizábel protexido. Dentro das categorías de solo non urbanizábel protexido, recóllese no artigo 30 das normas subsidiarias e complementarias a “*ordenanza reguladora de solo non urbanizábel de protección do patrimonio*”. Esta ordenanza defínese do seguinte modo:

1. *Ámbito de aplicación*

- a) Comprende os terreos afectados pola protección do patrimonio histórico-artístico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico e cultural.
- b) No anexo 3 destas normas inclúese unha relación deste patrimonio na que, ademais de recoller os monumentos declarados polos distintos organismos, se especifican os máis significativos en cada termo municipal, aos que se engadirán os que figuren recollidos en calquera instrumento de plan municipal vixente e que non se relacionen, así como aqueles outros que se inclúan no inventario para realizar polo órgano competente da Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia”.  
Así mesmo, nesta ordenanza establécense unhas áreas de protección:

2. *Áreas de protección*

En tanto non se redacte o plan correspondente, dentro das áreas de protección que a continuación se sinalan, será preciso informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante, para a realización de calquera das actividades enumeradas no artigo 178 da Lei do solo.

As áreas de protección para os elementos puntuais, dentro das cales é necesario o informe antes sinalado, estarán constituídas por unha franxa cunha profundidade medida desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe de:

- a) 50 metros, cando se trate de elementos etnográficos inventariados (hórreos, pombais, cruceiros e petos, fornos, feiras, muñíos, etc.).
- b) 100 metros, cando se trate de elementos de arquitectura relixiosa (mosteiros, conxuntos parroquiais, igrexas, capelas, santuarios, cemiterios, etc.), arquitectura civil (pazos, casas de liñaxe, edificios sinalados, vías romanas, pontes, fontes, peixerías, etc.) e arquitectura militar (castelos, baterías, murallas, etc.).
- c) 200 metros, cando se trate de restos arqueolóxicos (mámoas, dolmens, petróglifos, castros, etc.).

A aplicación deste artigo 30 é, con todo, fonte de inseguridade xurídica. Non é suficientemente explícito sobre as condicións e alcance da súa aplicación, en relación coa posibilidade de establecer limitación aos aproveitamentos ou condicións volumétricas permitidas polo planeamento.



Para resolver estas dúbidas, debe observarse que, aínda que o artigo 30 alude literalmente á “ordenanza reguladora de solo non urbanizábel de protección do patrimonio”, a ratio da norma é, sen dúbida, a de protexer o patrimonio recollido no anexo das normas, establecendo uns contornos de protección, con independencia da clasificación do solo no que se ubique o ben. E por esa razón, o criterio interpretativo da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia no seu informe de 12 de abril de 2006 é que “(...) as áreas de protección establecidas no artigo 30 das normas complementarias e subsidiarias de plans se aplican con independencia da clasificación do solo ao que afecten”. O cal conleva, por exemplo, que se en solo urbano non se recolle ningunha determinación nin tampouco o catálogo delimita correctamente o ámbito de protección do ben, se aplican as distancias previstas polo artigo 30.

Todo isto, a salvo que a planificación urbanística xeral entre a establecer, con carácter xeral a nivel de ordenanza, ou individualmente nas fichas do catálogo, o concreto ámbito de protección a que se somete o ben, e ese plan xeral teña o informe favorábel da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Estes criterios foron manexados nun proxecto de Circular no ano 2008 sobre a aplicación do artigo 30 das Normas subsidiarias e complementarias, que finalmente non chegou a ver a luz<sup>39</sup>. Porén, esa semente chegou a arraizar parcialmente no Decreto 232/2008, de 2 de outubro, sobre inventario xeral do patrimonio cultural (DOG nº 206, de 23 de outubro de 2008), que regulou o procedemento administrativo para a Administración autonómica declarar bens inventariados e, polo que agora interesa, tratou de pór fin á interminábel discusión sobre o alcance da contorna de protección dos bens inventariados mediante o artigo 12:

---

39 Interesa agora reproducir a regra 2.2. do borrador de circular, que daba unha solución máis matizada á aplicabilidade do artigo 30 a todo tipo de solos:

*“No caso de bens inmoables incluídos no Inventario Xeral de Patrimonio Cultural situados en ámbitos de aplicación de instrumentos urbanísticos de planeamento informados previamente pola consellería con competencia en materia de patrimonio cultural, a aplicación complementaria do artigo 30 das NSCPP para determinar o contorno de protección encadrarase dentro das seguintes circunstancias:*

- No caso de que un plan delimite contornos de protección para algún dos elementos do seu catálogo, non poderá aplicarse de xeito complementario o artigo 30 para o resto dos elementos, pois neste caso a non delimitación de contornos para algún dos elementos é unha decisión consciente e voluntaria do plan e o emprego complementario das NSCPP non estaría suplindo unha indeterminación ou lagoa do planeamento municipal.

- No caso de que o planeamento non delimite contornos de protección para ningún dos elementos incluídos no seu catálogo, nin regulase a dita cuestión, aplicaranse as áreas de protección fixadas no artigo 30 das NSCPP:

a) *En solo rústico e solo de núcleo rural.*

b) *En solo urbanizable e urbano non consolidado, agás que contén con documento urbanístico de desenvolvemento informado favorablemente pola consellería competente en materia de patrimonio cultural”.*



Artigo 12º.- *Contorno de protección.*

1. Cando se trate de bens inmobles, na resolución pola que se incoe o procedemento poderá establecerse un contorno de protección específico do ben obxecto de inclusión.
2. De non ser así, serán de aplicación, pola posible afección ao ben, as seguintes áreas de protección xenéricas, que estarán constituídas por unha franxa cunha profundidade medida desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe de:
  - a) 50 metros cando se trate de bens do patrimonio etnográfico.
  - b) 100 metros cando se trate de arquitectura relixiosa, civil e militar.
  - c) 200 metros cando se trate de restos arqueolóxicos.
3. Cando varios elementos singulares se articulen nun conxunto, a área de influencia trazarase a partir dos elementos máis exteriores do conxunto e abranguerá a totalidade daquel.
4. Estes contornos de protección xenéricos poderán ser obxecto de adaptación no planeamento urbanístico correspondente, co informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Finalmente, debe sinalarse que a protección do ámbito dos bens inventariados contéplase con naturalidade polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; por exemplo, na Sentenza do 30 de abril de 2003<sup>40</sup>, caso no que tratándose da realización dunha intervención no ámbito dun ben inventariado sen a preceptiva autorización da Consellería de Cultura (igreja de San Martiño de abaixo, incluída no inventario do patrimonio histórico artístico de Ourense nas Normas complementarias de 1991), e despois da interpretación da normativa vixente e da consideración do artigo 52.1 da Lei 8/1995, para os bens catalogados, conclúese a protección do ámbito do ben manifestando, en especial que *“ese é o único modo en que a planificación territorial e urbanística da zona e as intervencións que se leven a cabo no lugar permitan a conservación da harmonía, a afinidade visual e correspondencia de todo o ámbito, pois se a protección legal se limitase ao propio ben a tutela sería parcial e pouco efectiva”*. A sentenza conclúe afirmando que *“por conseguinte, a protección do ámbito forma parte integrante e é inseparábel da de ben, polo que necesariamente ha de interpretarse o artigo 90.g no sentido de incluír, así mesmo, a intervención no ámbito, de modo que non existe a vulneración do principio de tipicidade que o recorrente denuncia”*<sup>41</sup>.

## **7. A indemnizabilidade das limitacións ou vinculacións singulares impostas aos propietarios a través das fichas dos catálogos**

O normal é que as fichas do catálogo reflectan, tras un labor fino de análise de cada elemento, os niveis de protección acaídos ao estado e interese de conservación do edificio (protección ambiental, estrutural ou integral). A eses niveis de protección lle corresponden

---

40 XUR 2003\267615.

41 A protección de ámbitos adxacentes aos bens catalogados acóllese polas SS.TS de 15 de outubro de 1986 (RX 1986/891), 8 de abril de 1989 (RX 1989/3452) e 6 de xuño de 1990 (RX 1990/4814).

outros tantos niveis de obrigas ou cargas de conservación dos propietarios, que agravan a súa situación xurídica e patrimonial.

En efecto, a catalogación implica:

- Un deber de conservación superior respecto de calquer ben inmovible (art. 25 LPCG): isto é, non só bloquea a posibilidade de declaración de ruína e portanto a demolición (art. 41), senón que pode implicar mesmo o deber de rehabilitación; a rehabilitación forzosa a cargo dos propietarios. Como é propio en todos os bens culturais, o valor e a utilidade económicos do ben ceden en aras do seu superior valor e utilidade cultural, como testemuños materiais irrepetíbeis do proceso de civilización<sup>42</sup>.
- Ademais, a catalogación comporta normalmente unha restrición do aproveitamento urbanístico do solar correspondente.

Isto levanta a delicada cuestión dos custos financeiros da conservación do patrimonio: quen debe afrontalos? O poder público ou os propietarios?

Pois ben, a inclusión nos catálogos urbanísticos non da lugar, en principio, ao resarcimento indemnizatorio das expectativas urbanísticas cesantes ou das cargas de conservación e rehabilitación impostas.

Este ten sido o punto de partida tradicional na nosa lexislación desde o artigo 85 LS 1956 (hoxe artigo 3.1 do RDL 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo), dado que a propiedade urbana, como propiedade estatutaria, está sometida á definición legal do seu contido mediante os instrumentos de planificación, sendo así que a función social da propiedade sinalada polo artigo 33.3 CE debilita o contido dese dereito non só por motivos urbanísticos, mais tamén por motivos culturais, igualmente sustentados na Constitución (artigo 46 CE). A carga de conservación e, no seu caso, rehabilitación, é imposta en virtude da función cultural dese ben, e con independencia da súa titularidade dominical.

Ora ben, esa regra de soportar sen indemnización as maiores cargas urbanísticas non é absoluta, como advirte o propio artigo 3.1 do TRLS 2008. Así, o artigo 35 establece que dan lugar a indemnización as lesións que nos bens e dereitos dos propietarios se deriven das “(...) b) *vinculacións e limitacións singulares que excedan dos deberes legalmente establecidos respecto das construcións e edificacións, ou leven acanda sí unha restrición da edificabilidade ou o uso que non sexa susceptible de distribución equitativa*”<sup>43</sup>.

---

42 Cfr. as consideracións que a respecto realiza Eva VICENTE HERNÁNDEZ, *Economía del patrimonio y políticas patrimoniales*, Madrid, Instituto de Estudios Fiscales, 2007, pp. 80-83.

43 O precedente deste artigo foi o artigo 43 LRSV: “*Las ordenaciones que impusieran vinculaciones o limitaciones singulares en orden a la conservación de edificios, en lo que excedan de los deberes legalmente establecidos, o que lleven consigo una restricción del aprovechamiento urbanístico del suelo que no pueda ser objeto de distribución equitativa entre los interesados, conferirán derecho a indemnización.*”

Que limitacións singulares exceden dos deberes legalmente establecidos respecto das construcións e edificacións e dan lugar, por tanto, a indemnización?

Como regra xeral, o dereito a ser indemnizado por vinculación singular relativa á conservación dun inmovible nace a favor do propietario en dúas circunstancias:

- Un deber de conservación que excede o legalmente previsto.

Isto acontece cando o custo das obras de conservación ou rehabilitación que o propietario debe soportar supera o porcentaxe do 50% do valor económico do inmovible (sempre excluído o da respectiva parcela).

- Restricións de aproveitamento urbanístico non susceptibles de equidistribución.

A lei fala dun repartimento equitativo das cargas e restricións de aproveitamento urbanístico derivados da vinculación singular, que os propios plans poden afrontar mediante a remisión a técnicas de equidistribución ou transferencia de aproveitamento urbanístico que se concretarán en fase de execución do plan<sup>44</sup>. Se non se fai así (por exemplo, porque o propio plan xeral o prohíbe)<sup>45</sup>, prodúcese unha lesión patrimonial e o particular pode instar do Concello, ou mesmo da Administración autonómica (en función de quen teña impulsado a catalogación) unha reclamación de responsabilidade patrimonial que lle resarza da vinculación singular.

---

44 Vid., por exemplo, as sentenzas do TS do 18 de decembro de 1996 (RX 1996/9525), do 18 de marzo de 1999 (RX 1999/2348), do 3 de xuño de 2002 (RX 2002/5726) e do 25 de xuño de 2003 (RX 2003/4460). Cfr. Santiago GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ, “Catálogos urbanísticos de edificios singulares e indemnizacións a favor de los particulares. Alerta sobre los riesgos para el patrimonio cultural cuando la Administración no cumple con su deber de indemnizar al afectado por una catalogación”, *Patrimonio Cultural y Derecho*, n.º 9, 2005, pp. 224-229; Pedro ARRIBAS BRIONES, “La indemnización por las limitaciones a la propiedad recogidas en catálogos urbanísticos”, *Revista de Derecho Urbanístico* n.º 122, 1991, pp. 48-51. Máis extensamente, María Jesús GARCÍA GARCÍA: *La conservación de los inmuebles históricos a través de técnicas urbanísticas y rehabilitadoras*, Pamplona, Aranzadi, 2000, en especial pp. 171 ss., e Bernard-Frank MACERA, “Limitaciones o vinculaciones urbanísticas singulares y deber indemnizatorio de la Administración”, *Revista Aragonesa de Administración Pública* n.º 26, 2005, pp. 411-434.

45 Vid. STS de 26 de febreiro de 1992 (RX 1992/3016), sobre catalogación dun pequeno palacete no Paseo da Castellana de Madrid. O Tribunal Supremo concede indemnización. Igualmente concédese no caso da STS de 11 de decembro de 1997, sobre a catalogación de “*Villa Juanita*” en Arriendas (Asturias), sen previsión de técnica equidistributiva algunha no solo urbano en que se ubicaba. No caso de tres edificios catalogados polo Plan Especial de Protección del Patrimonio Arquitectónico de Sabadell (STS de 18 de decembro de 1996, RX 1996/9525), estímase indemnizable a perda de aproveitamento urbanístico das fincas propiedade dos apelantes, ao constatarse un trato desigualitario que se lles irroga sen arbitrio doutro mecanismo resarcitorio desde o propio planeamento. A STS de 6 de xullo de 1995 (RX 1995/5527) concedeu indemnización pola vinculación establecida sobre a antiga casa do toureiro *Manoleta*, en Córdoba.

## V. NOTA BIBLIOGRÁFICA

- ALONSO IBÁÑEZ, M<sup>a</sup> Rosario: *Los catálogos urbanísticos y otros catálogos protectores del Patrimonio cultural inmueble*, Pamplona, Thomson-Aranzadi, 2005.
- AMOEDO SOUTO, Carlos: “Os desafíos da protección do patrimonio cultural galego a través do planeamento urbanístico”, en AA.VV, *Conxuntos históricos. Propiedade privada e patrimonio público*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2007.
- “Ambiente cultural, cultura en el medio. Relaciones entre la tutela cultural y ambiental en Galicia”, en Alba NOGUEIRA LÓPEZ (dir.) *Evaluación de impacto ambiental. Evolución normativo-jurisprudencial, cuestiones procedimentales y aplicación sectorial*, Barcelona, Editorial Atelier, 2009, pp. 235-280.
- BARRERO RODRÍGUEZ, Concepción: *La ordenación urbanística de los conjuntos históricos*, Madrid, Iustel, 2006.
- DE LLANO, Pedro, e RODRÍGUEZ, Juan: *A arquitectura popular en Galicia: razón e construción*, Santiago de Compostela, Edicións Xerais, 2006.
- FERNÁNDEZ CARBALLAL, Almudena: *El decoro urbanístico en Galicia*, EGAP/Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2006.
- LIZANCOS MORA, Plácido: *A casa contemporánea en Galicia*, Santiago de Compostela, A Nosa Terra, 2005.
- SÁNCHEZ GOYANES, Enrique: “La catalogación urbanística de elementos singulares. Su problemática jurídica como técnica y potestad pública”, *Revista de Estudios Locales*, nº 80, 2005, pp. 20-65.
- SÁNCHEZ GOYANES (dir.): *Derecho urbanístico de Galicia*, Madrid, La Ley, 2004.
- SARDIZA ASENSIO, Javier: “Herramientas urbanísticas para la protección del patrimonio arquitectónico”, en Antonio Eduardo HUMERO MARTÍN (dir.): *Tratado técnico-jurídico de la edificación y del urbanismo. Tomo IV: Derecho urbanístico y protección del patrimonio*, Cizur Menor, Aranzadi, 2010, pp. 1045-1084.
- VELASCO STEIGRAD, Fernando, e MÉNDEZ MADARIAGA, Antonio: “Inventarios y catálogos del patrimonio arqueológico, paleontológico, etnográfico e industrial. La Carta Arqueológica como instrumento de protección y gestión”, en Antonio Eduardo HUMERO MARTÍN (dir.): *Tratado técnico-jurídico de la edificación y del urbanismo. Tomo IV: Derecho urbanístico y protección del patrimonio*, Cizur Menor, Aranzadi, 2010, pp. 997-1043.
- VICENTE HERNÁNDEZ, Eva: *Economía del patrimonio y políticas patrimoniales*, Madrid, Instituto de Estudios Fiscales, 2007.